



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Marzo 2025

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2025

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade do sector servizos. Base 2021. Marzo 2025


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de marzo en Galicia un crecemento interanual do 8,3%, taxa superior en 6,2 puntos á do pasado mes de febreiro.
- En España, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 7,3%, taxa superior en 4,3 puntos á de febreiro.
- A cifra de negocios aumenta en todas as comunidades autónomas en marzo.
- O persoal ocupado no sector servizos medra un 1,1% tanto en Galicia como en España.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

En marzo, o indicador de actividade no sector servizos en Galicia rexistra un crecemento do 8,3% respecto a marzo de 2024. Esta taxa é superior en 6,2 puntos á do mes de febreiro. En España, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 7,3%, taxa superior en 4,3 puntos á do mes de febreiro.



O *Comercio* aumenta a súa facturación o 8,7% e achega 6,4 puntos á taxa de variación do índice xeral; *Outros servizos* rexistra un crecemento do 7,1%. En España a facturación en *Comercio* aumenta o 8,2% e en *Outros servizos* o 5,8%.

Nas actividades comerciais, *Comercio por xunto* increméntase un 14% e *Comercio ao retalho* aumenta un 1,9%; *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe un 10,4%. A nivel nacional, *Comercio por xunto* crece o 10,4%, *Venta e reparación de vehículos de motor* o 8,2% e *Comercio ao retalho* aumenta o 3,9%.

En *Outros servizos*, os maiores crecementsos rexístranse en *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (18,9%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (13,3%). En España, os maiores incrementos prodúcese en *Actividades inmobiliarias* (14,7%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (10,3%).


1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice crece o 5,9% en marzo.

Os sectores con maiores incrementos son *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (14%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (11,4%).

1.3 Datos corrigidos de efectos de calendario

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de efectos de calendario segundo o método de ponderación. O índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 5,7% respecto ao mes de marzo do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 5,9%.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

A cifra de negocios aumenta en todas as comunidades autónomas no mes de marzo respecto ao mesmo mes de 2024. Madrid (10,1%), País Vasco (9,3%) e Galicia (8,3%) rexistran o maior incremento da facturación. Pola contra, os menores crecementos rexístranse en Extremadura (2,8%) e Illes Balears (3,7%).

Índices de cifra de negocios. Febreiro 2025

Taxas de variación (%)



2. Persoal ocupado


2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,1% respecto a marzo de 2024, a mesma taxa que en España.

O persoal ocupado crece un 0,6% en *Comercio* e un 1,5% en *Outros servizos*. O sector con maior incremento é *Transporte* (5,2%).

En España, o persoal ocupado aumenta un 1,2% en *Comercio* e o 1,1% en *Outros servizos*. O maior crecemento rexístrase en *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (2,4%).

Indicador de actividade do sector servizos.
Persoal ocupado. Taxa de variación interanual (%)




2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

O emprego no sector servizos increméntase en catorce comunidades autónomas no mes de marzo con respecto ao mesmo mes do ano 2024. As comunidades con maiores aumentos do persoal ocupado son Canarias (3,4%) e Navarra (2,8%). Descende o emprego en Extremadura e Asturias.

Índices de persoal ocupado. Marzo 2025

Taxas de variación (%)



Notas metodolóxicas. Definicións:

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Marzo 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
Galicia			
Xeral	132,6	8,3	5,7
Comercio	134,5	8,7	4,9
Venta e reparación de vehículos de motor	136,7	-10,4	-5,6
Comercio por xunto	141,3	14,0	7,6
Comercio ao retallo	115,1	1,9	1,3
Outros servizos	127,7	7,1	7,8
Transporte	134,6	6,0	5,7
Hostalería	141,7	1,7	4,2
Información e comunicacións	131,1	3,4	2,3
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	118,9	18,9	23,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	118,0	13,3	11,4
España			
Xeral	127,9	7,3	5,3
Comercio	126,1	8,2	5,3
Venta e reparación de vehículos de motor	147,3	8,2	6,4
Comercio por xunto	123,8	10,4	6,3
Comercio ao retallo	124,8	3,9	2,8
Outros servizos	131,2	5,8	5,4
Transporte	132,8	7,1	6,3
Hostalería	142,4	-0,7	2,6
Información e comunicacións	121,9	2,0	2,6
Actividades inmobiliarias	129,8	14,7	12,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	129,8	10,3	5,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	151,6	6,1	6,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Marzo 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
Galicia			
Xeral	131,5	5,9	5,3
Comercio	128,9	5,5	3,2
Transporte	133,3	7,1	6,1
Hostalería	147,4	2,3	5,1
Información e comunicacións	135,5	3,4	2,1
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	123,4	11,4	13,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	119,5	14,0	9,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas. Marzo 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
ESPAÑA	127,9	7,3	5,3
Andalucía	133,8	6,4	4,1
Aragón	119,7	8,0	4,8
Asturias	126,8	4,4	4,2
Balears, Illes	115,2	3,7	4,6
Canarias	154,3	4,9	5,6
Cantabria	118,1	6,5	3,8
Castilla y León	121,5	7,1	5,7
Castilla-La Mancha	125,3	7,4	4,7
Cataluña	127,1	6,0	3,7
Comunitat Valenciana	126,2	4,3	3,9
Extremadura	113,8	2,8	2,7
GALICIA	132,6	8,3	5,7
Madrid	127,7	10,1	7,4
Murcia	121,2	7,4	4,5
Navarra	136,5	8,1	5,6
País Vasco	126,9	9,3	7,2
Rioja, La	139,4	6,7	4,3

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Marzo 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
Galicia			
Xeral	105,1	1,1	1,4
Comercio	103,0	0,6	0,7
Venta e reparación de vehículos de motor	100,7	1,4	2,5
Comercio por xunto	103,8	0,8	0,1
Comercio ao retallo	103,1	0,3	0,7
Outros servizos	106,5	1,5	1,9
Transporte	105,4	5,2	5,1
Hostalería	110,7	-0,9	0,5
Información e comunicacións	112,5	0,8	-0,4
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,9	1,4	1,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	102,9	2,0	2,3
España			
Xeral	107,1	1,1	1,4
Comercio	105,5	1,2	1,3
Venta e reparación de vehículos de motor	105,9	2,3	2,2
Comercio por xunto	105,9	1,0	1,1
Comercio ao retallo	105,2	1,0	1,2
Outros servizos	108,0	1,1	1,5
Transporte	108,5	1,8	1,6
Hostalería	110,3	-0,9	0,9
Información e comunicacións	112,4	1,3	0,8
Actividades inmobiliarias	100,2	0,5	0,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,2	1,7	1,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	105,4	2,4	2,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Marzo 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
ESPAÑA	107,1	1,1	1,4
Andalucía	107,6	0,1	0,9
Aragón	102,9	1,0	1,2
Asturias	104,1	-0,2	-0,1
Balears, Illes	103,5	0,6	1,8
Canarias	114,4	3,4	3,2
Cantabria	103,6	2,5	2,2
Castilla y León	102,3	0,7	0,8
Castilla-La Mancha	105,8	1,6	1,7
Cataluña	107,5	0,6	0,9
Comunitat Valenciana	104,8	0,8	1,4
Extremadura	104,4	-0,2	-0,3
GALICIA	105,1	1,1	1,4
Madrid	110,6	2,3	2,2
Murcia	105,6	0,6	1,1
Navarra	106,9	2,8	2,9
País Vasco	103,8	0,6	0,5
Rioja, La	104,6	0,0	0,0

Fonte: INE